



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez** e o deputado **Antón Sánchez García**, membros do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na comisión III**, relativa ao diferencial negativo no crecemento económico galego respecto ao estatal.

O PIB galego creceu un 0,4% ao remate do 2014, cifra por baixo do 1,4% estatal. Estes datos supoñen continuar a senda de diverxencia respecto a media estatal nun dos indicadores económicos básicos e que logo ten unha tradución atroz na destrución de emprego e na moi pequena e de baixa calidade baixada do rexistro de persoas en desemprego noso país.

Malos datos pero que son peores se se comparan coas previsións infladas, tumefactas, do goberno galego, que lonxe de rectificar cada ano. A secuencia entre as previsións e a realidade son as mentiras do goberno Núñez Feijóo.

As cifras que proporciona o IGE reflicten un severo estancamento económico e polo tanto a continuación da crise social. Dados estatísticos que non deixan de evitar que a Xunta de Galicia minta unha e outra vez con previsións pro domo sua, que logo sufren a abrasión da realidade económica e social negativa e que as políticas neoliberais e austericidas da Xunta acentúa.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Que criterios e informes empregou a Xunta para realizar as súas previsións económicas en materia de PIB baixo a presidencia de Núñez Feijóo?

- Contempla a Xunta depurar responsabilidades pola continúa emisión de previsións desmentidas pola estatística oficial?
- Que medidas económicas vai impulsar a Xunta para correxir o diferencial negativo que en termos do PIB temos co Estado baixo o mandato de Núñez Feijóo?
- Vai rectificar a Xunta unha política neoliberal e austericida que non serve para que a recuperación económica chegue á cidadanía galega?

En Compostela, a 26 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Antón Sanchez García

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 26/02/2015 15:03:14

Anton Sánchez García na data 26/02/2015 15:03:20